



A Escola Inclusiva en Galicia

3 de maio de 2017

Pasado- O salto LXE-LOXSE

- O paso dun sistema segregado/diferenciado, en vigor ata 1990, a un sistema integrador, favorecido pola aprobación da LOXSE.
- Asimilación do continuo educación ordinaria-educación especial.
- Aceptación e integración do concepto “necesidades educativas especiais” e as súas implicacións no sistema educativo.
- Conceptualización dos informes psicopedagóxicos e das adaptacións curriculares.

Pasado- As actuacións

- Dotación de recursos humanos: departamentos de orientación educativa en cada centro.
- Normativa clara sobre os informes psicopedagóxicos e as adaptacións curriculares.
- Normativa e instrucións precisas sobre a escolarización normalizada.
- Fúxese da determinación de ratios pre-establecidas. Trabállase desde a análise caso a caso.
- Favorécese a visión do centro de educación especial como un centro que ofrece recursos especiais, non ensino diferenciado. A súa organización e funcionamento e a mesma que os CEIP.
- Iníciase o camiño dos CEE como centros de recursos.

Presente- O pasado inmediato e a situación actual

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, supuxo un antes e un despois na abordaxe da diversidade na educación galega.

- Moi consensuado.
- Cunha visión rica e inclusiva da diversidade.
- Pero sen desenvolvemento posterior.

Presente- O pasado inmediato e a situación actual

Algúns indicadores, a modo de exemplo:

- Máis do 91% do alumnado galego con necesidades específicas de apoio educativo está escolarizado en modalidade ordinaria.
- Galicia é a comunidade na que o ISEC ten un menor impacto nos resultados do alumnado en PISA(1,9 puntos, sendo a media da OCDE 3,9), polo tanto a máis equitativa. De feito supera ao país máis equitativo da OCDE, México, que conta cun impacto de 2 puntos, unha décima superior.
- 1 de cada 10 profesionais da educación adícanse a atender alumnado con NEE (+ de 4000)
- Solo un 0.38% do alumnado en CEE.

Presente- O pasado inmediato e a situación actual

Alguns indicadores, a modo de exemplo:

- Todos os centros contan con Dptos. De Orientación.
- Itinerarios flexibles, acreditación de competencias profesionais.
- Convenios coas entidades (17).
 - Visión integral. Diferentes sensibilidades.
 - Traballo co alumando, profesorado e familias.
 - Acompañamento e apoio.
- Escolas de nais e pais.
- Protocolos: TDAH, TEA, Down/discap. Intelectual.

Presente- O pasado inmediato e a situación actual

- Metodoloxías activas e boas prácticas: aprendizaxe cooperativa, traballo por proxectos, aprendizaxe-servizo.
- Formación do Profesorado:
 - PFPP – 73 dos 380 liña de inclusión.
 - Grupo de Traballo coas Universidades do SUG.
 - Escolas de Nais e Pais
 - + de 1000 h de Formación específica no curso 2015-2016

Futuro- Os retos

Asumir a diversidade como valor social e educativo require de:

- un enfoque integral nas comunidades de aprendizaxe
- unha visión enriquecedora da diversidade funcional
- unha perspectiva aberta que asume a diversidade como oportunidade antes que como reto.
- Flexibilidade e capacidade de adaptación.
- Valoración das aprendizaxes acadadas e preparación para a vida adulta e o entorno socio-laboral.

Futuro- Os retos

Asumir a diversidade como valor social e educativo require de:

- Mellorar, difundir e ampliar os protocolos dispoñibles.
- Continuar a traballar co tecido asociativo.

En definitiva, precisamos unha escola e un currículo pensados desde o deseño universal.

Camiñar cara a un sistema educativo
de calidade integral supón camiñar
TODOS E XUNTOS